

## INSTRUCCIÓN DA XERENCIA PARA TRAMITAR OS EXPEDIENTES DE GASTO DERIVADOS DA REALIZACIÓN NA UDC DE CURSOS, CONFERENCIAS, RELATORIOS, SEMINARIOS, OBRADOIROS E ACTIVIDADES SIMILARES

A Universidade organiza habitualmente actividades formativas de diferente tipo (cursos, conferencias, relatorios, seminarios, obradoiros etc) que poden ser impartidas por persoal propio da Universidade ou alleo á UDC.

Con data 24/5/2017 publicouse a Instrución da Xerencia para cubrir o formulario de cursos, conferencias, relatorios, seminarios etc e tramitar os gastos que correspondan. Desde esa data a imputación dos gastos de persoal do cadro de persoal da UDC por impartir estas actividades efectuábase no capítulo I. Económica: 151.04. «Gratificacións de persoal. Cursos, conferencias, relatorios, seminarios etc». Neste momento cómpre modificar a imputación destes gastos e, así mesmo, modifícase o impreso normalizado para o adecuar á normativa actual en materia de protección de datos de carácter persoal e tamén se engade un apartado en relación ao tratamento fiscal destas actividades. O formulario é obrigatorio.

En vista do que antecede, procédese a unha nova redacción da Instrución.

### a) Tramitación de expedientes de gasto no caso de persoal alleo:

1. Antes do inicio da actividade cubrirase e asinarase a parte do formulario denominada: «Autorización da actividade». Formalizarase tamén previamente a reserva de crédito en Universitat XXI-Ec.
2. Tras realizar a actividade cubrirase o apartado «Recoñecemento da obriga» do formulario e acompañarase o documento contable ADO.
3. Estes expedientes de gasto remitiranse ao Servizo de Control Interno para a súa intervención previa, en función do importe establecido na Resolución reitoral anual pola que se establece o límite exceptuado de control previo. No caso de fiscalización do expediente de gasto enviaráselle ao Servizo de Control Interno o expediente de gasto xunto co documento contable ADO. As dúas partes do formulario deberán estar debidamente cubertas e asinadas. Debe incluírse no formulario o número de expediente que xere UXXI-Ec.

Pola súa contía, o habitual será que estes expedientes non se sometan a intervención previa, senón a control posterior.

### b) Imputación do expediente de gasto:

1. Tanto para o persoal dependente da UDC como para as persoas alleas, a imputación destes gastos financiarase con cargo a económica 226.06. *Reunións, conferencias, e cursos.*
2. Tras realizar a actividade cubrirase o apartado «Recoñecemento da obriga» do formulario e acompañarase o documento contable ADO.

Código Seguro De Verificación	2bfHqJNdm/fqAlGnz2ynBw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López	Asinado	23/03/2022 19:02:03
Observacións		Páxina	1/5
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/2bfHqJNdm/fqAlGnz2ynBw==">https://sede.udc.gal/services/validation/2bfHqJNdm/fqAlGnz2ynBw==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



3. No caso de fiscalización do expediente de gasto, débesele remitir ao Servizo de Control Interno o documento contable ADO, as dúas partes do formulario debidamente cubertas e asinadas e acreditar obrigatoriamente a reserva previa do crédito. Débese incluír no formulario o número de expediente que xere o sistema contable Universitas XXI.

No caso de que estas actividades se financien con fondos alleos á UDC, será necesario acreditar no expediente de gasto que o financiamento recibido permite realizar estas actividades (cursos, conferencias, relatorios, seminarios etc). Nestes casos o expediente de gasto imputarase a orgánica e funcional a que corresponda o financiamento e ao capítulo e económica que proceda.

Para o persoal que preste servizo nas administracións públicas hai que ter en conta que a dedicación a estas actividades non poderá superar as 75 horas anuais e non se poderá incorrer en supostos de incompatibilidade, todo iso de acordo coa Lei orgánica 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

### c) Retención en concepto de IRPF:

Ao persoal que imparta a actividade aplicaráselle a retención que corresponda en concepto de IRPF. No caso de non residentes en territorio nacional e que procedan de países con convenios de dobre imposición subscritos por España, non se lles aplicará a retención fiscal, para o que deberán presentar ante o responsable económico (RAE) do centro de gasto que organice a actividade o certificado de residencia fiscal expedido pola autoridade tributaria do país da súa residencia.

### Disposición derogatoria

Esta instrución derroga a Instrución do 24/5/2017, Instrución da Xerencia para cubrir o formulario de cursos, conferencias, relatorios, seminarios etc e tramitar os gastos derivados destas actividades.

### Publicación

Esta Instrución publicarase no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da UDC.

Esta instrución entrará en vigor o día da publicación no TEO. Os expedientes de gasto xa iniciados na data da súa publicación continuarán a se tramitar de acordo co que establece a Instrución do 24/5/2017.

Na data da sinatura dixital

O xerente

Código Seguro De Verificación	2bfHqJNdm/fqAlGnz2ynBw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López	Asinado	23/03/2022 19:02:03
Observacións		Páxina	2/5
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/2bfHqJNdm/fqAlGnz2ynBw==">https://sede.udc.gal/services/validation/2bfHqJNdm/fqAlGnz2ynBw==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



**AUTORIZACIÓN DA ACTIVIDADE**

Don/dona (indique nome e apelidos)

cargo

en calidade de responsable da actividade (indique a actividade)

convidou a don/dona:

con NIF/PAS  e residencia en

España

(1) Residente no estranxeiro CON convenio

Residente no estranxeiro SEN convenio

SEN vinculación a esta universidade

(2) CON vinculación a esta universidade como  (indique o colectivo)

**Datos da actividade**

Nome:

Data da actividade:

Esta actividade conta coa autorización de don/dona  
Indique nome e apelidos da persoa responsable do crédito

cargo  
Indique o cargo da persoa responsable do crédito

que acorda aboarlle a cantidade íntegra de

con cargo á partida orzamentaria

(indique orgánica, funcional e económica)

LIQUIDACIÓN	
Importe íntegro:	<input type="text"/>
Retención IRPF:	<input type="text"/> 0,00€
Importe líquido:	<input type="text"/> 0,00€

EXPEDIENTE DE GASTO	
Importe do crédito reservado:	<input type="text"/>
Data da reserva de crédito:	<input type="text"/>
Nº de expediente:	<input type="text"/>
Responsable AAEE:	<input type="text"/>
Asdo.: <input type="text"/>	

A Coruña,  de  de decembro de

Conforme o/a proponente da actividade

**APROBACIÓN DA ACTIVIDADE**  
O/a responsable do crédito

Asdo.:  Asdo.:

Código Seguro De Verificación	Estado	Data e hora
2bfHqJNdm/fqAlGnz2ynBw==	Asinado	23/03/2022 19:02:03
Asinado Por	XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López	Páxina 3/5
Observacións		
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/2bfHqJNdm/fqAlGnz2ynBw==">https://sede.udc.gal/services/validation/2bfHqJNdm/fqAlGnz2ynBw==</a>	
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).	



**RECOÑECEMENTO DA OBRIGA**

Don/dona (indique nome e apelidos)

cargo

en calidade de responsable da actividade (indique a actividade)

fai constar que a dita actividade se realizou nas datas previstas, por tanto, procede o recoñecemento da obriga e o pagamento posterior a don/dona

da cantidade de  con cargo á partida orzamentaria

e queda arquivada neste centro a documentación xustificativa da actividade (indique o centro)

O importe para percibir é o que corresponde coa seguinte liquidación:

LIQUIDACION	
Importe íntegro:	<input type="text"/>
Retención IRPF:	<input type="text"/> 0,00€
Importe líquido para percibir:	<input type="text"/> 0,00€

A Coruña,  de decembro de

Conforme o/a proponente da actividade

**AUTORIZO** o recoñecemento da obriga e o pagamento posterior  
O/a director do centro de gasto

Asdo.:  Asdo.:

**CONFORME COA LIQUIDACIÓN PRACTICADA**

don/dona

declaro a miña participación (indique a denominación da actividade)

e a miña conformidade coa liquidación practicada.

IMPORTE PARA PERCIBIR	
Importe íntegro:	<input type="text"/>
Retención IRPF:	<input type="text"/> 0,00€
Importe líquido para percibir:	<input type="text"/> 0,00€

Ferrol,  de decembro de

Asdo.:

(1) No caso de residentes no estranxeiro, se os seus países teñen convenio de dobre imposición con España, para que non se lles practique retención en concepto de IRPF, deberán achegar un certificado de residencia fiscal emitido pola Administración tributaria do país da súa residencia.

(2) No caso de persoal que preste servizo nas Administracións Públicas o tempo de dedicación a estas actividades non poderá superar o límite de 75 horas anuais e non poderá incurrir en ningún suposto de incompatibilidade de acordo coa LO 53/1984, do 26 de decembro.

Código Seguro De Verificación	2bfHqJNdm/fqAlGnz2ynBw==	Estado	Asinado	Data e hora	23/03/2022 19:02:03
Asinado Por	XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López	Páxina	4/5		
Observacións		Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/2bfHqJNdm/fqAlGnz2ynBw==">https://sede.udc.gal/services/validation/2bfHqJNdm/fqAlGnz2ynBw==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).				



En cumprimento do art. 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (RXP), e do art. 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais (LOPD), infórmase de que os datos persoais facilitados serán tratados pola Universidade da Coruña.

A finalidade do tratamento destes datos é a xestión do expediente do gasto indicado neste documento. A base de lexitimación do tratamento sitúase no art. 6.1.b) e c) RXP (execución dun contrato e obriga legal).

Todas as persoas que entren en contacto cos datos cumprán o deber de confidencialidade establecido no art. 5 LOPD. Estes datos trataranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade, sen prexuízo da súa conservación en relación coa posible esixencia de responsabilidades legais.

Para o exercicio dos dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, portabilidade e limitación de tratamento pode consultarse a seguinte web:

[www.udc.gal/gl/qoberno/equipo\\_reitoral/secretaria/proteccion-de-datos](http://www.udc.gal/gl/qoberno/equipo_reitoral/secretaria/proteccion-de-datos)

Código Seguro De Verificación	2bfHqJNdm/fqAlGnz2ynBw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López	Asinado	23/03/2022 19:02:03
Observacións		Páxina	5/5
Uri De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/2bfHqJNdm/fqAlGnz2ynBw==">https://sede.udc.gal/services/validation/2bfHqJNdm/fqAlGnz2ynBw==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

